

Refuxio nos libros

Son variados os motivos para achegarse á lectura,
para ver nesas historias, unha forma de aventura.

Hai quen sempre ve nos libros un xeito de se achegar
a outras vidas, a outros mundos, a outras formas de mirar.

Hai tamén quen ve nun libro un lugar onde escapar,
deses medos, desas sombras, que non deixan de amolar.

Xiana é unha desas nenas que se decidiu a ler
para escapar dun abismo que non podía comprender.

Nese abismo sempre estaba a silueta da súa nai,
ese ollar sempre tan triste, ese insulto de seu pai.

Mais non eran eses berros o que a Xiana máis fería,
nin o son das labazadas que a súa mamá recibía.

O peor era a tristura que a súa nai lle transmitía,
o peor era o silencio que as súas bágoas percorrían.

Bágoas de ollos apagados que miraban sen mirar,
bágoas que nela deixaban un baleiro singular.

Era sempre neses días, cando a dor todo o envolvía,

cando Xiana se axudaba do poder da fantasía:

libros cheos de aventuras, lugares aos que viaxar,

escapar dun pesadelo atrevéndose a soñar.

A máis fermosa das viaxes, fíxoa xunto a un rapaciño,

que un día visitou a Terra, co nome do Principiño.

Xunto a el pronto aprendeu, a contemplar o solpor,

para esquecer, nun instante, todo a pena, toda a dor.

Visitou aquel planeta, onde un home presumía,

de ser dono das estrelas, cando nada posuía.

E unha serpe lle ensinou que a soidade só se cura,

rodeándose de xente, que te trate con dozura.

Por iso chegado o día, no que a mamá conseguiu,

escapar daquel inferno, escapar do que sufriu;

Xiana deu grazas aos libros, por axudala a manter,

a esperanza en que algún día, outro mundo había ver.